



BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A INSTALACIÓN, REFORMA E ADAPTACIÓN DAS TERRAZAS DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN E A ADQUISICIÓN DE ELEMENTOS DE ENVASADO E EMPAQUETADO PARA O SERVIZO DE CONSUMO NO DOMICILIO, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

ENTIDADES BENEFICIARIAS.

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes), segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, podan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

2. Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras, como da situación de estado de alarma e emerxencia sanitaria de que derivan e que provocou que a maior parte de persoas autónomas e empresas solicitasen o aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou á Administración da Comunidade Autónoma, ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordó co establecido no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exímense as persoas beneficiarias desta subvención do requisito de estaren ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou fronte á Administración pública da Comunidade Autónoma, no momento da concesión da axuda e do pagamento do anticipo concedido.

3. Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas en que conorra algunha do resto de circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, ou incumpran as obrigas do artigo 11 da citada lei e as empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia hunda decisión da Comisión Europea.

4. Ademáis, deberán cumprir as seguintes condicións:

Desenvolveren a súa actividade en Galicia, polo menos nun centro de traballo, dentro do sector da hostalaría e restauración, nomeadamente, restaurantes, cafetarías, bares e salóns de banquetes, cumprindo os requisitos establecidos legalmente para exercer a dita actividade.



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña).

Tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE nº 124, do 20 de maio,p. 36), empregaren menos de cincuenta (50) traballadores.

Estaren dadas de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo I.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1. Serán subvencionables os gastos e investimentos, realizados entre o 1 de outubro de 2020 e a data límite de execución establecida na resolución de convocatoria das axudas, necesarios para desenvolver as actividades descritas no artigo 1, que cumpran os requisitos establecidos pola Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

2.Os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose esta vinculación nos termos especificados no artigo 43.2 do Decreto 11/2009.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (importe igual ou superior a 15.000 € no caso de prestacións de servizos ou adquisicións de bens, e importe igual ou superior a 40.000 € no caso de execución de obra, no momento de publicar estas bases), o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores independentes (do solicitante e entre si) con carácter previo á contratación da execución da obra, da prestación do servizo ou da adquisición do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de provedores que as realicen, presten ou subministren. Este caso, presentaráse un escrito acreditativo desta circunstancia, asinado polo representante legal ou por un experto independente.

Tampouco será preceptiva a presentación das tres ofertas cando o gasto sexa realizado con anterioridade á presentación da solicitude da axuda.

As ofertas ou orzamentos de provedores deberán conter, como mínimo, os datos identificativos do emisor e do destinatario, a data de emisión do documento, o importe por concepto (especificando se inclúe ou non o IVE) e a descrición dos elementos ofertados (poderá incorporar anexos coa documentación comercial dos elementos ou as súas especificacións técnicas).



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña).

En ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CONDICIÓNS DOS PROXECTOS.

Para os efectos establecidos nestas bases, terá a consideración de terraza a instalación ao aire libre formada por mesas, cadeiras e outros elementos, sitas nos espazos estremeiros ou non dun establecemento de hostalaría e restauración, en solo público ou privado, en que se desenvolva de forma complementaria a actividade propia do establecemento.

En todo caso, deberá ser un espazo non cuberto ou, no caso de estar cuberto, estar rodeado por un máximo de dous laterais.

1. En concreto, considéranse actuacións subvencionables:

a) A instalación de pechamentos estables ou instalación de elementos desmontables e móbiles que sirvan de illamento, acoutamento do perímetro ou protección, así como outros elementos móbiles que cumpran esta función nos laterais, cuberta e/ou chan, tales como toldos, biombos, cortaventos, parasoles e tarimas accesibles.

b) A adecuación estética e mellora da imaxe e funcionalidade da terraza con criterios de homoxeneización estética e integración no seu contorno, mediante a renovación do mobiliario (mesas, cadeiras e xardineiras), instalación de sistemas de iluminación e de aparellos calefactores exteriores, así como actuacións de mellora da fachada exterior do local. Para seren subvencionables, os aparellos calefactores deberán ser eléctricos ou baseados noutras opcións que non impliquen combustibles fósiles e permitan dar o servizo con enerxía de fontes renovables.

En todo caso, as actuacións previstas nas letras a) e b) deberán respectar as particularidades e/ou limitacións que se determinen na correspondente ordenanza municipal que lle sexa de aplicación e comprenderán tanto a realización das obras como a adquisición dos equipamentos subvencionables.

Recoméndase que os materiais e os acabamentos de remate dos elementos utilizados respondan a un criterio de armonización coa edificación e co espazo público en que se sitúen. Como criterio xeral, procurarase a harmonía de cor entre os ditos elementos e as fachadas e carpintarías da edificación xunto á que se localizan. Así mesmo, evitaranse materiais que produzan brillos molestos, ou aqueles acabamentos de cor rechamante e moi contrastada susceptibles de produciren



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña).

un impacto visual negativo. Como referencia desta recomendación empregaranse as pautas e criterios xerais e as específicas para cada grande área paisaxística que recolle a Guía de cor e materiais de Galicia.

c) A adquisición de elementos sustentables de envasado e empaquetado de comida e bebidas para o servizo de entrega a domicilio ou de recollida no propio establecemento.

Todos os elementos do packaging deberán ser 100 % biodegradables. No caso de ser de plástico, deberán ser compostable, que cumpran os requisitos da norma europea viente EN 13432:2000 «Envases e embalaxes. Requisitos dos envases e embalaxes valorizables mediante compostaxe e biodegradación. Programa de ensaio e criterios de avaliación para a aceptación final do envase ou embalaxe» e nas súas sucesivas actualizacións, así como as bolsas de plástico que cumpran os estándares europeos ou nacionais de biodegradación a través de compostaxe doméstica.

Na documentación desta actuación deberá figurar a composición da solución para a cal se solicita a axuda, onde quede debidamente acreditado o seu carácter agradablemente.

NON SE CONSIDERAN SUBVENCIONABLES

- 1.- As actuacións en terrazas situadas no interior de centros comerciais e nos interiores dos establecementos, así como outras actuacións levadas a cabo no interior do establecemento.
- 2.- A adquisición de ordenadores, dispositivos móbiles, televisores, reprodutores de son e imaxe e TPV.
- 3.- Os permisos, licenzas ou cotas de colexios oficiais ou calquera outro tributo ou imposto.
- 4.- A instalación de sistemas de alarma, seguridade ou similares. Os elementos téxtiles, tales como, mantas, coxíns, manteis etc...
- 5.-A publicidade, agás a rotulación do nome do establecemento nos elementos fixos ou móbiles da terraza.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será do 80 % dos conceptos subvencionables, cun investimento subvencionable mínimo por solicitude de 1.500 €.

Para as actuacións previstas no artigo 6.2.a) o investimento máximo subvencionable será 14.000 €.

Para as actuacións previstas no artigo 6.2.b) o investimento máximo subvencionable será 7.000 €.



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña).

Para as actuacións previstas no artigo 6.2.c) o investimento máximo subvencionable será 4.000 €.

A natureza desta subvención xustifica realizar pagamentos anticipados que suportarán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes a ela de ata un 50 % da subvención concedida.

FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. Dentro do prazo establecido na convocatoria para presentar a solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un formulario electrónico descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o cal solicita a subvención, a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda.

No dito formulario, a persoa representante deberá realizar as seguintes declaracións relativas á entidade solicitante:

- a) Que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.
- b) Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, cando proceda.
- c) Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda.
- d) Que cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- e) Que emprega menos de cincuenta (50) traballadores.
- f) Que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.
- g) Que manterá os activos fixos subvencionados durante o período de mantemento dos investimentos, segundo o establecido no artigo 17 das bases reguladoras.



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña).

- h) Que conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e do aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación.
- i) Que os provedores non están asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose esta vinculación nos termos especificados no artigo 43.2 do Decreto 11/2009.
- j) Declaración da súa dimensión de microempresa, pequena ou mediana empresa.
- k) Declaración doutras axudas en réxime de mínimos
- l) Declaración de non ter presentada ningunha outra solicitude de axuda para as mesmas actuacións.

2. A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <http://www.tramita.igape.es>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal>.

Será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou aquelas en que este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, e concederáselles aos solicitantes un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda, transcorrido o cal se considerará que desisten da súa petición, logo de resolución de arquivamento.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. O formulario de solicitude incluirá unha opción para que os solicitantes poidan pedir un anticipo do 50 % da subvención concedida, co límite da anualidade prevista no exercicio orzamentario correspondente. A solicitude de anticipo será obxecto de motivación na resolución de concesión da axuda. Exímense os beneficiarios da obriga de constituír garantías, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña).

4. Para poder presentar a solicitude por medios electrónicos, os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) A oficina virtual do Igape acepta todos os certificados validados pola plataforma @firma da Administración xeral do Estado, que son os que figuran nesta relación: <http://administracionelectronica.gob.es/PAe/aFirma-Anexo-PSC>.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo, solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realiza- rase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferido este ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico informa@igape.es, indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no Diario Oficial de Galicia e **finalizará o 28 de Febreiro de 2021, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.**



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña).

ANEXO I.

Epígrafes do IAE subvencionables.

Agrupación 67. Servizo de alimentación.

– GRUPO 671. SERVICIOS EN RESTAURANTES.

Epígrafe 671.1. De cinco garfos. Epígrafe 671.2. De catro garfos. Epígrafe 671.3. De tres garfos.

Epígrafe 671.4. De dous garfos. Epígrafe 671.5. Dun garfo.

– GRUPO 672. EN CAFETARÍAS.

Epígrafe 672.1. De tres cuncas. Epígrafe 672.2. De dúas cuncas. Epígrafe 672.3. Dunha cunca.

– GRUPO 673. DE CAFÉS E BARES, CON E SEN COMIDA.

Epígrafe 673.1. De categoría especial. Epígrafe 673.2. Outros cafés e bares.

– GRUPO 675. SERVICIOS EN QUIOSCOS, CAIXÓNS, BARRACAS OU OUTROS LOCAIS ANÁLOGOS, SITUADOS EN MERCADOS OU PRAZAS DE ABASTOS, AO AIRE LIBRE NA VÍA PÚBLICA OU XARDÍNS.

– GRUPO 676. SERVICIOS EN CHOCOLATARÍAS, XEADARÍAS E HORCHATARÍAS.

Epígrafe 677.9. Outros servizos de alimentación propios da restauración.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

AEDL CONCELLO DE VILASANTAR (Lourdes) : Teléfono 981 77 81 69.

IGAPE: Teléfono 900 81 51 51